

AXUDAS Á EDUCACIÓN INFANTIL, CURSO 2018-2019

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A educación infantil, como etapa educativa que comprende a educación dos nenos e nenas dende os tres meses de idade ata os 6 anos, contribúe ao desenvolvemento psicosocial e físico das persoas, constituíndose como un espazo de socialización e afectividade fundamental no crecemento do/a neno/a e da súa autonomía.

O desenvolvemento das capacidades afectivas, a exploración do medio natural e social, o coñecemento das diferentes linguaxes e forma de expresión, o movemento e ritmo, a motricidade e a aprendizaxe relacional e de convivencia, o inicio na lecto-escritura e habilidades lóxico-matemáticas... constitúen contidos e obxectivos básicos da educación infantil. Neste senso, a escolarización dos nenos e nenas nesta etapa, non obrigatoria pero sí universalizada, é fonte fundamental do proceso de ensinanza e aprendizaxe futuro.

Por outra banda, o borrador da Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia 2016-2020 sinala, entre os seus principios en relación á persoa menor de idade, “asegurar o respecto completo e efectivo de todos os seus dereitos, así como o seu desenvolvemento integral”, incidindo en medidas enfocadas a procurar o benestar físico, psíquico e emocional.

A escolarización dos/as menores nesta etapa infantil permite cumprir con este principio e garante que dende os primeiros meses de vida a prevención e a detección precoz de factores de risco que poidan comprometer o seu desenvolvemento integral; unha educación que asegure as súas potencialidades, cun modelo educativo inclusivo e de igualdade de oportunidades.

Neste contexto, co obxecto de axudar ás familias máis desfavorecidas economicamente a facer fronte a os gastos derivados da escolarización non obrigatoria dos seus fillos, que é a Educación Infantil pero que supón para os rapaces un avance no seu aprendizaxe e no seu proceso de socialización, e tendo en conta que os programas de axudas para libros xa están



implantados en toda a Ensinanza Primaria e Secundaria Obrigatoria, propónse á Xunta de Goberno aprobar a convocatoria de axudas á Educación Infantil, para as súas dúas etapas (0-3 anos e 3-6 anos), dos Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e Escolas Infantís debidamente autorizadas de Vilagarcía de Arousa, de acordo coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á EDUCACIÓN INFANTIL PARA FAMILIAS CON ALUMNOS MATRICULADOS EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS E ESCOLAS INFANTÍS AUTORIZADAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CURSO 2018/2019

Artigo 1. - OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é o financiamento dos gastos que se derivan da escolarización non obrigatoria dos alumnos de Educación Infantil, nas etapas 1ª e 2ª, matriculados nos Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 2. – BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as unidades familiares de convivencia residentes no Concello de Vilagarcía de Arousa con menores matriculados nas etapas 1ª e 2ª de Educación Infantil, nos Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.

2.1. Requisitos Xerais dos Beneficiarios:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva permanente no Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Ter fillos en idade escolar matriculados en 1ª ou 2ª etapa de Educación Infantil en Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.
- Non supera-los ingresos económicos fixados no baremo destas bases
- Presentar toda a documentación requirida, e no prazo establecido, nestas bases.



- Convivir co menor a cargo.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- En ningún caso poderán ser beneficiarios os que estean incursos en expedientes de reintegro.
- Excepcionalmente poderán ser beneficiarios aqueles que ostenten débedas coa facenda local sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que as débedas non teñan unha antigüidade anterior ao ano 2016,
 - Que xunto coa solicitude da presente axuda, xustifique ter solicitado o fraccionamento ou aprazamento das débedas existentes.

2.2. Requisitos Económicos dos beneficiarios:

As axudas poderán ser solicitadas polas unidades familiares nas que os ingresos non superen os seguinte límites máximos de rendas obtidas no ano 2017:

Unidade familiar	Límite de ingresos anuais en €
2 membros	12.509,90
3 membros	15.984,90
4 membros	18.764,97
5 membros	20.849,96
6 membros	22.239,96
7 membros	23.629,97
8 membros	25.019,97



A renda familiar para os efectos de bolsa obterase por agregación das rendas do exercicio 2017 de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Os datos económicos para ter en conta nas rendas familiares para determinar os ingresos serán os calculados por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas. No caso de non ter presentado declaración de renda, terase en conta os datos facilitados polo Servizo Público de Emprego e/ou a Tesourería Nacional da Seguridade Social.

Para o cálculo da renda familiar, son membros computables da familia: o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, se é o caso, as e os irmáns solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do 2017 e os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante da bolsa, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica. Terá a consideración de membro computable, se é o caso, o/a novo/a, cónxuxe ou persoa unida por análoga relación co solicitante e as súas rendas se incluírán dentro do cómputo das familiares e terán a consideración de membros computables os seus fillos menores de 25 anos que convivan no domicilio.

Desta cantidade, deduciranse os gastos derivados do alugamento ou hipoteca de vivenda habitual, ata un máximo de 250 euros mensuais, previa presentación da documentación acreditativa correspondente.

No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número de membros que compoñen a unidade familiar.

Artigo 3. – CONTÍA DAS AXUDAS



O importe da axuda por cada alumno/a matriculado será de 60 €.

Artigo 4. – PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS

4.1. Lugar e prazo de recollida e de presentación das solicitudes:

As axudas serán solicitadas polos pais, nais ou titores do alumnado ao que fai referencia o artigo 1, dentro dos prazos establecidos para cada unha das convocatorias,

As solicitudes poderán obterse no departamento de Servizos Sociais, no de Educación, no servizo de información municipal e tamén se poderán descargar sede electrónica do Concello de Vilagarcía: <http://sede.vilagarcia.gal/>

As solicitudes serán presentadas no Rexistro xeral municipal, ou na sede electrónica do concello: <http://sede.vilagarcia.gal/> ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Establécense dúas convocatorias, cos seguintes prazos:

1ª convocatoria, do 11 ao 30 de xuño.

2ª convocatoria, do 1 ao 15 de setembro.

4.2. Documentación a presentar:

Acreditación da situación socioeconómica e a xustificación do gasto coa presentación da documentación que de seguido se detalla:

- Impreso de solicitude, segundo modelo que figura como ANEXO I
- Fotocopia do DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Fotocopia do Libro de Familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.
- En casos de separación ou divorcio, certificado de convivencia actualizado á data da presentación da solicitude e fotocopia do Convenio Regulador ou Resolución de



medidas paterno-filiais cando se trate de parellas non casadas que cesaron a convivencia.

- Se é o caso, xustificante de pago de aluguer ou de hipoteca (primeira vivenda).
- Autorización para solicitar datos tributarios en relación ao IRPF de tódolos membros computables da unidade familiar maiores de 16 anos, segundo o modelo anexo á solicitude (anexo II). No caso de non ter presentado a declaración do IRPF, autorización para a consulta no Servizo Público de Emprego e na Tesourería Nacional da Seguridade Social.
- Declaración xurada de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter débedas pendentes coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (anexo III)
- Certificación bancaria (IBAN) do número de conta na que o/a solicitante sexa titular ou cotitular na mesma.
- En caso de realizar cesión de pago, documento de transmisión de dereitos de pago (Anexo IV) xunto con:
 - Copia do DNI da persoa representativa do endosatario
 - Certificado bancario do nº de conta do endosatario

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo de 10 días, contados a partir da data da notificación, indicándolle que si non o fixese se lle dará por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente.

O departamento Servizos Sociais ou o de Educación poderán esixir calquera outra documentación que consideren precisa para valorar a situación socioeconómica dos solicitantes.

4.3. Criterios de Valoración

Establécese como único criterio de baremo a contía da renda per cápita, de menor a maior e calculada segundo o establecido nestas bases.



No caso de que as solicitudes con dereito a axuda da primeira prazo non esgoten a consignación establecida para esa convocatoria, o crédito sobrante será engadido ao financiamento da segunda convocatoria.

De igual xeito, no caso de que no crédito da segunda convocatoria se produza un sobrante logo de resolver as solicitudes presentadas dentro da mesma, ese crédito destinarase a cubrir aquelas solicitudes que, sendo informadas favorablemente na 1º convocatoria, non foron concedidas por esgotamento do crédito.

4.4. Valoración das solicitudes

Rematado o prazo da primeira convocatoria, e unha vez que o Ministerio de Facenda xa facilite o acceso aos datos da renda do ano 2017, o departamento de Educación emitirá informe-proposta á Xunta de Goberno para o pago daquelas que teñen dereito a axuda, ordenadas por renda per cápita e ata esgotar o orzamento desta convocatoria, conforme o sinalado no punto anterior, e indicará, no seu caso, aquelas que non poden ser financiadas por falta de consignación. Tamén se incluírá a relación das que non teñen dereito a axuda, indicando a causa.

Logo de rematado o segundo prazo, o departamento de Educación emitirá outro informe-proposta á Xunta de Goberno no que indique:

- Cales solicitudes presentadas nese segundo prazo cumpren os requisitos e teñen garantido o cobro da axuda, ata o límite da aplicación ou logo da agregación do sobrante na primeira convocatoria.
- Cales outras solicitudes non cumpren os requisitos e, polo tanto, non teñen dereito a axuda.
- No caso de sobrante na segunda convocatoria, cales das presentadas na primeira convocatoria e que non puideran ser financiadas por insuficiente aplicación, poden ser agora atendidas.

4.5. Resolución e notificación da concesión ou denegación das axudas

Cumpridos os trámites para a instrución do procedemento e fiscalizadas pola Intervención municipal, as propostas de concesión ou denegación das axudas, conforme o sinalado no



punto 4.4 anterior, serán sometidas á Xunta de Goberno Local, que adoptará os acordos correspondentes.

A resolución do procedemento notificarase aos/ás interesados/as de acordo co previsto no artigo 41 da LPACAP, a cuxos efectos bastará practicar a notificación no domicilio ou correo electrónico que a persoa interesada tivera sinalado ao efecto no momento de cursar a súa solicitude. En todo caso, a resolución será publicada nos taboleiros de anuncios do Concello de Vilagarcía de Arousa e na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A resolución estimatoria ou desestimatoria pon fin á vía administrativa. Contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión, ou directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, a contar dende o seguinte ao da notificación da resolución se é expresa e se non o é, o prazo será de seis meses a contar dende o día seguinte ao que se entenda producida a desestimación por acto presunto.

4.6 Prazo máximo de resolución.

O prazo máximo para resolver toda a 1ª convocatoria será o 15 de setembro de 2018. E para 2ª, o 15 de outubro.

Artigo 5. – FORMA DE PAGO

O pago da axuda concedida farase en metálico por cada fillo/a podendo ser:

- Directo a favor do solicitante da axuda, por medio de transferencia bancaria.
- Indirecto a favor do provedor, dunha entidade, asociación ou centro educativo, tras comprobar a documentación correspondente. Neste caso, o solicitante da axuda deberá asinar declaración xurada facendo constar a cesión do pago.(Anexo IV).



Artigo 6. – FINANCIACIÓN

As obrigas económicas que se derivan da presente convocatoria imputaranse á aplicación orzamentaria 231.48003 da Concellería de Benestar Social e Igualdade, por un importe máximo de 7.500 €, e á aplicación 320.48003, da Concellería de Educación, por un importe máximo de 6.000 €, do orzamento municipal de 2018, o que da un total de 13.500 € que distribuiranse de acordo ao seguinte esquema:

1ª convocatoria- 12.150 €, sendo 6.750 € da aplicación 231.48003 e 5.400, da 320.48003

2ª convocatoria- 1.350 €, provintes 750 € da aplicación 231.48003 e 600 €, da 320.48003

A aplicación 320.48003 poderá ser incrementada en 1.500 € no caso de sobrantes noutros programas financiados ao seu cargo (Plan Madruga 2018) conforme ao disposto no artigo 30 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Ley 9/2007 de Subvencións de Galicia, previo informe do Departamento de Educación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para todo o non disposto nestas bases estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

ANEXOS

O contido destas bases e os anexos expóranse na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa: www.vilagarcia.es e na sede electrónica <http://sede.vilagarcia.gal/>

Vilagarcía de Arousa, 4 de xuño de 2018.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Alberto Varela Paz



ANEXO 1

SOLICITUDE DE AXUDA Á ESCOLARIZACIÓN - CURSO 2018/19

DATOS DO/A SOLICITANTE (Pai / nai/ titor)

Nome e apelidos	DNI / NIF / CIF			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			
Rúa	Número	Piso	Porta	Teléfono
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Municipio	Código postal		Data nacemento	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Correo electrónico	<input type="text"/>			

DATOS DO/A ALUMNO/A

Nome e apelidos	Data de nacemento
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Estudos de Educación Infantil para os que solicita axuda	
Nivel/curso <input type="text"/>	Centro no que está matriculado <input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- Fotocopia do DNI, NIE da persoa solicitante.
- Fotocopia do Libro de Familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.
- Documento acreditativo da situación de familia monoparental: fotocopia cotexada do libro de familia, do certificado de defunción, da demanda ou sentenza de separación ou divorcio, acordo regulador ou resolución xudicial sobre as medidas paterno filiais.
- Autorización para poder solicitar datos tributarios á Axencia Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF)
- En casos de separación ou divorcio, certificado de convivencia actualizado á data da presentación da solicitude e fotocopia do Convenio Regulador ou Resolución de medidas paterno-filiais cando se trate de parellas non casadas que cesaron a convivencia
- Xustificante do pago do aluguer da vivenda habitual ou de hipoteca.
- Declaración de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes coa Ad. Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificación bancaria do número de conta (IBAN) na que o/a solicitante sexa titular ou cotitular na mesma.
- Xustificante do endoso..

Vilagarcía de Arousa, a de de 2018

(Sinatura do solicitante)

En cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 polo que se regula o dereito de información na recollida de datos, advírtese que os datos de carácter personal que puidieran facilitarse polo interesado/a inclúiranse en ficheiros titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa. De acordo co disposto na L.O. 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal ten dereito ao acceso, cancelación e oposición dos seus datos ante a Alcaldía do Concello de Vilagarcía na Praza Ravella nº1, en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa



ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA PODER SOLICITAR DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

A/s persoas abaixo asinantes autoriza/n ao Departamento de Educación a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria sobre o IRPF para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para solicitar a **AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR**, sendo beneficiario ou posible beneficiario a persoa que figura no apartado A da presente autorización.

A presente autorización outórgase aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da axuda mencionada anteriormente, e en aplicación do artigo 95.1 K) da *Lei 58/2003, Xeral Tributaria* pola que se permite, previa autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSEA LA AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSONAS FÍSICAS DO EXERCIZO 2017.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN.

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B.- DATOS DOS RESTANTES MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DO/A SOLICITANTE (unicamente maiores de 16 anos).

PARENTESCO CO SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Vilagarcía de Arousa, a de de 2018

Nota: a autorización concedida pola persoa asinante pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Vilagarcía de Arousa.



ANEXO III

Don/Dna
con D.N.I., pai/nai/titor do alumno
.....

DECLARA BAIXO XURAMENTO,

Que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Que non está incurso en prohibición ou incompatibilidade para a percepción de axudas públicas.

En Vilagarcía de Arousa, a _____ de _____ de 2018.

(sinatura)



ANEXO IV

CESIÓN DO DEREITO DE COBRO DAS AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR

A) ENDOSANTE

D/Dª _____ con N.I.F. _____ actuando en nome propio e con poder suficiente ó efecto, transmite á entidade _____, os dereitos de cobro correspondentes á AXUDA Á ESCOLARIZACIÓN do curso 2018/2019 destinada ao alumno/a _____, no caso de ser concedida dita axuda, autorizando así o pago directo dunha parte ou toda a contía concedida, á entidade sinalada, por importe de _____ €..

En Vilagarcía de Arousa, a ___ de _____ de 2018

Asdo.: _____ -

B) ENDOSATARIO

D/Dª _____ con N.I.F. _____ actuando en nome propio/ representación de _____ con CIF _____ e con poder suficiente ó efecto, acepta a cesión do dereito de cobro no caso de ser concedida a AXUDA Á ESCOLARIZACIÓN a D/ Dª _____ destinada ao alumno/a _____ do curso 2018/2019 e que, por un importe de 60 €. se abone mediante transferencia á seguinte conta bancaria:

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

En Vilagarcía de Arousa, de _____ de 2018

Asdo.: _____